



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

ANUNCIO DE CONVOCATORIA

Aprobación das bases reguladoras para a selección do ALUMNADO-TRABALLADOR do Obradoiro de Emprego de Atención Socio Sanitaria a persoas no domicilio

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o 28 de setembro de 2022, acordou a aprobación da convocatoria e Bases reguladoras do procedemento de selección do Alumnado-Traballador do obradoiro dual de emprego, ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO.

Dando cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

Monfero, 5 de outubro de 2022. O ALCALDE Andrés Feal Varela

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
"ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO"

1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego "ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO" configúranse como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 46, do 08/03/2022 e promovido polo Concello de Monfero mediante convenio cos concellos de Irixoa, Aranga e Vilarmaior.

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 23/09/2022 e con número de expediente 15/0004/2022, e as Instrucións de data 26/04/2022, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, para a convocatoria 2022-23.

A especialidade a impartir é a seguinte:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108) (20 alumnos/as)

A distribución por concellos é a seguinte:



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

- Concello de Aranga: 5 alumnos/as
- Concello de Irixoa: 5 alumnos/as
- Concello de Monfero: 5 alumnos/as
- Concello de Vilarmaior: 5 alumnos/as

No caso de que en algún dos concellos non se chegue a 5 alumnos seleccionados, contratarase ao candidato de maior puntuación de calquera dos outros concellos que participan no proxecto.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Hixiene e atención sanitaria domiciliaria (cunha duración de 170 h.)
- 2.- Atención e apoio psico social domiciliario (cunha duración de 210 h.)
- 3.- Apoio domiciliario e alimentación familiar (cunha duración de 100 h)
- 4.- Prácticas profesionais de Atención Socio sanitaria (duración de 120 h)

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as.

O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato formativo, coas particularidades que establece o artigo 11 do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE núm. 313, de 30/12/2021), e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente (salario mínimo interprofesional vixente durante a duración do contrato)

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- 1 DIRECTOR/A (xornada completa)
- 1 MESTRE/A DE ESPECIALIDADE rama social SSCS0108 (xornada completa)
- 1 MESTRE/A ESPECIALIDADE rama sanitaria SSCS0108 (xornada completa)
- 1 MESTRE/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA/TUTOR (50% da xornada)
- 1 MESTRE/A DE FORMACION COMPLEMENTARIA XESTIÓN EMPRESARIAL (50% da xornada)
- 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO, (50% da xornada)

A selección do alumnado-traballador participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade. O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumpriran cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e demais instrucións.

2.- Publicidade do proceso.



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado unha vez aprobadas pola entidade promotora expóñense ao público no taboleiro de anuncios físico do Concello de Monfero e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Monfero (<https://sede.emonfero.es>) así como nos taboleiros e nas webs dos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior. Remítanse, así mesmo, á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Monfero e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Monfero (<https://sede.monfero.es>), así como nos taboleiros e webs dos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e administrativo de apoio. Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

3.- Requisitos comúns dos aspirantes:

Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas coa nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España
- b) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño e funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedido polo organismo competente.
- c) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarnaia

caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4. - Órgano de selección

Para a xestión do obradoiro constituírase o órgano de selección, cuxos membros serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar/par de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco/seis (un Presidente, tres/catro Vogais e un Secretario), debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Todos os membros do órgano de selección que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vocais. Os membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do órgano de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o órgano de selección, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o órgano de selección, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do mesmo cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

As decisións do órgano de selección adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O órgano de selección queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para tomarlos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

O órgano de selección a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A Alcaldía-Presidentencia fixará o número máximo de sesións que poidan devengarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

5. - Listaxes de reserva.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a proposto/a para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

6. - Procedemento de selección a lumnado-traballador/a:

Requisitos específicos:

- a.- Ter 18 ou máis anos de idade
- b.- Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- c.- Cumprir cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 21 de febreiro de 2022
- d.- Cumprir cos requisitos de acceso á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 sinalados no Real Decreto que regula os ditos certificados:

- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter superado as competencias clave correspondentes.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

Proceso de preselección:

Unha vez ditada con data 23/09/2022 a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego "ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO" (Expte:15/0004/2022), o Concello de Monfero, como entidade promotora, tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección

Parámetros da oferta

Sistema de selección: Oferta tipo T ("Taller de emprego")

Localidade: Ámbito dos Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: *18 ou máis anos.*

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe na especialidade impartida durante toda a duración do obradoiro.

Candidaturas: 3 por praza, de ser posible. A sondaxe realizarase entre demandantes de emprego co código 320 (Escola taller programas), 330 (Casa de Oficio), 340 "Obradoiros de emprego"; ou 370 "Outros programas de formación de emprego, formación dual".

Criterios preferentes de selección

O órgano de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran na Orde do 21 de febreiro de 2022, (DOG núm. 46, do 8 de marzo de 2022), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. (art. 11.1).

Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que tiveran superado outro proxecto formativo de iguais características ou que xa estean en posesión do certificado de profesionalidade obxecto deste obradoiro de emprego, obtido/s por calquera outra vía.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

Asemade terán prioridade as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo programa de emprego se corresponda cun certificado de profesionalidade distinto.

Admisión de aspirantes:

Recibida a relación de candidatos/as, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo.

O número máximo de candidatas/as a seleccionar será determinado tamén polo órgano de selección, debendo ser o mínimo (de ser posible) tres por praza. Dito listado será aprobado por Resolución de Alcaldía e se publicará no taboleiro de anuncios físico e no da sede electrónica do concello de Monfero (<https://sede.monfero.es>) e nos taboleiros e webs dos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior e no mesmo se lles comunicará aos candidatas/as o prazo para presentar a documentación que se lles requira nas presentes bases (Ver Anexo II)

Selección definitiva

As persoas que non presenten a documentación en prazo decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

A selección definitiva das 20 persoas como alumnado-traballador será efectuada polo órgano de selección, que aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego

No caso de empate (igualdade na puntuación) este resolverase aplicando a seguinte orde de prelación:

- 1.- Non ter participado nunca nun Obradoiro de Emprego
- 2.-O maior período de inscrición como demandante de emprego
- 3.-A menor cualificación profesional
- 3.-A idade, tendo preferencia a persoa maior.

Puntuacións finais: Contratacións alumnos/as traballadores/as



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As distas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a pola entidade promotora.

Elaboraranse catro listaxes, unha por cada concello, e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerse á listaxe do concello correspondente. De non haber substituto/a, procederase por orde de puntuación e empregando os criterios para dirimir os posibles empates.

Estas listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios físico e no da sede electrónica do Concello de Monfero (sede.monfero.es) e nas webs e/ou taboleiros dos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, contando dende o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Monfero para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resoltas as posibles alegacións e correccións ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior e menor xunto co relación definitiva dos aspirantes aprobados tamén pola orde da puntuación obtida.

Así mesmo, esta relación de aprobados presentarase ao señor Alcalde coa proposta para a súa contratación.

O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Elaborada a listaxe do alumnado-traballador propostos o Concello de Monfero deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que compren con todos os requisitos para poder participar no proceso.

Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo ao Concello de Monfero para que poida ser substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Con obxecto de subscribir o contrato laboral, os aspirantes propostos terán un prazo de 3 días contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no taboleiro de anuncios do Concello de Monfero, para achegar a seguinte documentación, que acredite o cumprimento dos requisitos comúns dos aspirantes:

a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios do concello presente certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitud de participación.

Características do contrato:

-Tipo de contrato: contrato para a formación e aprendizaxe (código 421-Formación) ou do que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación, que levará implícitas as peculiaridades recollidas no artigo 13.3 da Orde do 21 de febreiro de 2022.

SELECCIÓN ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO

ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO"

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.-MULLERES

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.....2 puntos



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

- Mulleres non puntadas no apartado anterior.....1 punto

2.- IDADE

- 18-29 anos.....4 puntos
- 30-44 anos.....1 puntos
- 45 ou máis.....3 puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía = ou > 33%.....1 punto

4.- PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego.....1 punto
- Perceptores de subsidios.....2 puntos
- Non perceptores.....4 puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses.....1 punto
- De 12 a 18 meses..... 2 puntos
- Máis de 18 meses.....4 puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

1. Autónomos.....0 puntos
2. Grupo de cotización del 1 al 7.....0 puntos
3. Grupo de cotización 8.....1 punto
4. Grupo de cotización 9.....2 puntos
5. Grupo de cotización 10.....3 puntos
6. Sen emprego anterior.....4 puntos

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

(Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social...)

1.- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia(RISGA) e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por agotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependientes rehabilitados acreditados, ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.....1 punto

8.-RESPONSABILIDADES FAMILIARES/UNIDADE DE CONVIVENCIA

(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoas candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da existencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- ✓ Unidade familiar de 4 ou máis membros.....1 punto
- ✓ Monoparental con fillo/s.....1 punto

9.- REALIZACIÓN OU PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E DE FORMACIÓN:

Por non ter realizado ou participado con anterioridade noutros programas mixtos de emprego e formación (obradoiros de emprego, escola-obradoiro ou programas mixtos de emprego e formación para a mocidade e similares.....2 puntos

10.-OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de Inserción Profesional (IPI)2 puntos

ANEXO II

PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO " ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO"

INSTANCIA

Nome e apelidos _____

DNI: _____

Teléfono móbil _____

Correo electrónico _____

Dirección postal _____



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

Expoño e Declaro:

Que coñezo e acepto as BASES DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO " ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO", promovido polos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.

Que estou interesado en participar no proceso selectivo

Que achego a documentación relativa á identidade (DNI) e requisitos do baremo

Que declaro a miña disposición a realizar o exame médico previo á incorporación á actividade no caso de ser seleccionado/a.

Que non teño superado outro proxecto formativo de iguais características nin estou en posesión do certificado de profesionalidade obxecto deste obradoiro de emprego.

Por todo o anterior, SOLICITO a participación no proceso selectivo.

..... a de de 2022

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (cumprimento REQUISITOS)



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (para BAREMACIÓN)

En.....a.....dede 2022

Nome e apelidos:

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO